

Conxunto de 4 canastros

030150

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206203
Coord. UTM:	X: 59607200 Y: 465238100
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SAN MARTIÑO DE PORQUEIR
Lugar:	Faramiñas
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Conxunto de 4 canastros

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de catro canastros de madeira, o primeiro deles, que se atopa á dereita na fotografía consta de tres parellas de pés de diferente altura para salvar o desnivel do terreo. Enriba de cada parella de esteos descansa unha mesa de pedra. Todo este entramado é o soporte no que se apoia a cámara, unha cámara cerrada non lados costais mediante tres panos de doelas separados por columnas de madeira. As doelas seguen unha disposición vertical e únense entre sí a través de cintas. Debaxo das cintas uns balaustres cravados en diagonal serven de reforzo na unión entre doelas. Cuberta a dúas augas con tella francesa. Dos tres canastros restantes, un está formado por catro pés e unha parella de mesas de pedra, sen embargo, os pés en vez de estar en posición vertical atópanse en posición horizontal. Deste xeito a cámara queda pouco ventilada, apenas se alza unha cuartas do chan. O corpo do hórreo cérrase mediante unha sucesión de doelas con disposición vertical e atravesadas por cintas. A porta de acceso atópase nun dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella curva. Os dous hórreos restantes presentan unhas características moi similares, ambos constan de dúas parellas de pés só que un emprega catro tornarratos en forma de roda e o outro dúas mesas de pedra. Polo demais as cámaras péchanse mediante unha sucesión de balaustres de madeira atravesados por faixas como elementos de unión. As portas de acceso ó corpo dos canastros como soe ser común atópanse nos lados penais. Cubertos os canastros a dúas augas con tella curva. Este conxunto no seu día contaba cun maior número de exemplares, de feito paralelo ó camiño que se aprecia na fotografía inda se pode contemplar os catro pés e as dúas mesas doutro hórreo.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: O total de exemplares do conxunto están en estado de abandono, algúns deles xa parcialmente cubertos pola maleza. Pódese afirmar que un canastro está en mal estado e que os outros tres se conservan regularmente.

Bens Mobles





